

AS FIGUEIRAS

Úa hestoria del mar

↓ José Manuel Martínez Castro



Foto elevada pola familia de CARUSO

Lancha das Figueiras aló nel ano 1970

“—Y esta fala nosa, ¿qué é?: galego non, de seguro; asturiano tampouco.

—É un chapurriao.

—É galego perrayeiro.

—É a nosa fala. ¿Nun vos parez abondo?”

(Dito por úa muyer na Fonte da Ribeira)

asaron lougo vinte anos.

Costante sabía dende neno el qu'era el mar. Sabíalo como cualquiera das Figueiras: porque lo tía delante todos os días y tamén porque xa dende mui rapacín tuvera que meterse a xeiras duras y amoladas inda pra os homes avezaos de costume al golpe de mar y al salseiro.

Costante nun lera nunca aquelas hestorias mariñeiras de Pío Baroja ou de Melville, nin a poesía salitrosa de Rafael Alberti, pero ás veces atopaba nel periódico da *Nueva España* dalgún artículo escrito por periodistas da capital ou cuadrábaye ver na televisión en color del *Peñalba* dalgúa xarolada res-

peutive del mar na que xa nun crían nin os veraniantes.

Cóntas fatedades dicían d'ela. Que se *la procelosa mar*, que se *los bellos acantilados*, que se *los hombres esforzados que luchan a brazo partido con las olas*,... Nun había con quen falar. Someñaba qu'os periodistas, os poetas y os escritores, todos tuveran sempre de vacacióis, folgando en prayas d'arena fina y meténdose nel augua salada namáis que pra moyar os pes. El mar nun era guapo, ¿quén podería dicir que lo fose?, pero tampouco úa luita con xigantes nin úa disgracia. Era, por riba de todo, soledá, ter qu'erguerse ás tres da mañá, horas valeiras, el mesmo trabayo todos os días, a rutina, el vir ransido;

y os pitos de *Coronas* y os gotos de café, ún tres d'outro, pr'alcalmar el cansacio y el sono.

De pouco tempo pr'acó, Costante empezara ademáis a empapizar cuas esmoleduras de ser patrón y armador. Desque tían dúas lanchas na familia, a xente fía comparanzas entre os dous hermaos y a él tocáraye sempre a pior parte: era máis novo que Nardo, pescaba (polo que fose) menos qu'el outro, levaba dalgús homes con él qu'eran cuase rapacíos, perdera xa un barco núa mala mañá de cerzo y sabía que coyer a fama de bon pescador del hermao díbaye costar un mundo; anque si é verdá que naide ye quitaba el aquelo de ter deslegue como el que máis y de ser arrechao pral trabayo como nun había outro.

Dábase de conta agora de qu'a xeitosa posición de patrón y armador tamén ye esixía obrigaciós novas, un procurso mayor, y dolíayе muitas veces a laya de qu'os homes qu'iban al mar con él cobraban el quiñón máis baxo qu'os da lancha de Nardo; esbouriando igual qu'os outros y nas mesmas condi-cióis.

Na familia de Costante a pesca era el remedio al fuxir dos estudos y poñerse a trabayar, era el dote da moza casadeira todos os outonos despóis de s'acabar a costeira del bonito, y eran as alegrías y dolos de nove fijos que deixara *Caruso*, padre de Costante y Nardo y primeiro da casa, un feixe de netos y un banzanao d'ache-gaos que vían tamén por liña da madre, Pepita de Santa, familia das *Matriculadas*. Aquí xuntábase el mitá das Figueiras col outra mitá y d'entre as fileiras de parentes de sangre y parentes políticos salían polas dúas ramas homes asgaya non xa pra tri-pular as dúas lanchas, que levarían dez ou doce cadúa, senón pra encher as tres carabelas de Colón y poblar de paso as islas atopadizas del Descubremento.

Por se nun foran xente abonda, nas lanchas empriábanse tamén dalgús mariñeiros que nun tían outra relación cua familia de Costante máis qu'a de taren trabayando pra ela. Asina que, con tanta casara-da en vila tan pequena, da noxo explicar que cualque- ra miudanza qu'enmayara nas redes sabíase, cun-tábase y mancaba ou non, según fose el caso, dende as Casas Baratas a Granda.

Acó quería chegar pra dicir qu'a sorte de Cos-tante, el patrón, era a de muita xente máis; y a dos dez homes que con él iban, espeyo de todo un poble. Entenderáse miyor condo pasemos al miolo da hestoria, porque na realidá é que Costante, Costante Cas-tro, nun é el verdadeiro protagonista d'este relato.

Na hestoria, el protagonista chamábase Luis

Vicente Fernández Sierra y era vecín de Castropol. Tía entós el tempo xusto pra dir al mar —quince anos— y era el máis novo da lancha y ún dos nove fijos d'ua familia que nun tía parentexo negún cua del armador pero á que Pepita, madre de Costante, con nove fijos tamén y con muita vida de pescantina en Castropol, ye tía lei.

Luis Vicente érache un neno-razpaz-home, nesa edá de mocín que ye chista ás mocías: el corpo de neno, fraque y pequeno; el pelo rubio y liso; a caría de mozo, galana y biscarda; os oys tristes, xa d'ho-me, madurecíos pol trabayo nel *Alberto Cândida*, el barco de Costante unde taba enrolao de mariñeiro aquela tarde de verao, calente y pousada, como tantas outras.

Os botes fondeaos miraban entoncias prá boqueira da ría, marcando a direución da marea; y pola ribeira depenada, corazón d'un poble que dur-mía a sesta nesa hora bendita das cuatro da tarde,



Úa vista das Figueiras col Palacio de Trenor al fondo

namáis qu'amuraban os gatos, algús veraniantes y a solombra alargada y lenta d'esos veyos qu'el mar deixóu varaos en terra.

Al empezo asomeñaba el falar de daquéen cono-cío, anque el batifondo da radio nun deixaba recono-cerye a voz; despóis comenzóu a ouguirse de ralo en ralo, condo el alfolín de voces calaba pra dar paso á chamada d'ausilio; lougho a sintonía foi axustándose y, al cabo, os que taban al pesque nas Figueiras nese momento de sono y mormo pezquitaron qu'algo desacostumao ocurría. Pol *chivato* (a radiotelefonía) sintíase a voz de Costante, el patrón, qu'a menos d'úa hora de terra petaba apurao a todos os barcos que tuveran na frecuencia. Eran cuasemente as cuatro y as chamadas da radio dicían claramente que nel *Alberto Cândida* había un rapaz nel augua.

Por vez primeira en muitas tardes calentes y

pousadas el desacougo fecho lume nas concencias apagadas y prá ribeira principiaron a baxar peteiros d'hommes que s'espertaban da sesta sin creren inda nas malas noticias.

Nel *Alberto Cándida* iba outro mozo de deciseteanos, Quique de Santa, sobrián de Costante, y os primeiros paliques escuitaos pol chivato nun aclariaban miga, máis qu'un rapaz cayera al mar. Condo se soupo quén era, xa Santa, a madre de Quique, baxara al muelle por nun poder aguantar máis tempo al pé da radio, pensando na súa disgracia ou nel dolo d'esa outra madre á qu'en Castropol daquén volaría axina a levarye a mala nova. Nel pico das escaleiras rañadas atopou a alguén que ye dixo:

—Perdéuse un rapaz da lancha de Costante.

—¿Quén é? —y nese momento a mirada azul de Santa chumbárase nel azul da ría.

—Paréceme qu'él de Serra —espetáronye dende embaxo.



Úa lancha pixota chegando al muelle

Entós Santa deu un escouguido y volvéu calle arriba sin querer saber un rispío xa respetive del que se paroliaba nos muelles, unde a xente inda preguntaba cómo pasara aquilo nun día calmo y lucio.

Os homes daban por morto al mozo, como diz el ditame, sin fer planes que nel mar todo é augua. Sabían os mariñeiros qu'el pior que ye pode pasar a un home condo cai al mar é que nun lo vexa naide y, al parecer, a Luis Vicente botáranlo en falta al vir pra terra. Afora Costante falaba cuas lanchas del Porto y d'outros sitios, que quedarán pr'axudar a buscar al mariñeiro perdío, mentramentres das Figueiras salían máis barcos y cayía a tarde.

Según pasaba el tempo, a ribeira díbase chapicando de xente pero naide esperaba xa pol corpo de Luis Vicente, nin vivo nin morto, senón pol *Alberto Cándida*, que seguía esqueirando nel mar. Os pesca-

dores qu'inda nun s'enteraran das miudanzas del caso esplicaban que como muito poderíase trer el cadabre se enmayaba nel apareyo; mentras, outros cuntaban a cousa tal como acababan d'ouguila pola telefonía. Supoñían qu'al dir encher un caldeiro el mozo nun debéu ter el procurso d'amarrar el chicote na regala y, col barco andando y el baldre chen, namáis fito cos brazos, nun fora quén a ter por él y del estracón caera al augua. Al parecer, avisáranlo xa respetive d'este xeito y, anque muita xente s'esmilagraba de nunca tal ver, outros renembraban agora el corpo pequeno y fraque, el qu'inda tía de neno el mariñeiro botao en falta.

Chegóu a tardía y foron arrechegándose as lanchas. Todas menos úa. A presencia de toda a vila das Figueiras foi tamén féndose mayor nos muelles, na Canteira, nel Pósito (Cofradía de Pescadores), nel Pelamio, á veira del Esteleiro; foi imponéndose por riba d'esa ruía realidá del mar. El poble atopou el sou canto, cadaquén al lao de cadaquén, como núa gran escena coral d'esas que s'amañan pra festexar el apertura ou el peche dos grandes acontecementos. Aló foi chegando aquela población sin nomes nin apellíos un día asolagada polos ingleses despóis d'un combate naval en auguas d'Arnao; aquel poble que ye puxo el pé delante al señor enfrontando el resgo d'iren presos; As Figueras del Gremio de Mareantes, pescadores probes pero chíos de solidaridá; os que puxaron por erguer a iglesia y trer a parroquia dende Barres coutándose d'emparzao a entrar na misa... As Figueiras.

A tardiñuía trouxo de volta al *Alberto Cándida* con un home menos. Primeiro calóu el bule-bule del motor y os mariñeiros acupáronse d'amarrar á boya del canal y desamarrar el bote qu'había de trelos pra terra. Lougo calóu el vento pra qu'os ruidos estraños achegaos de sutaque d'outros lugares nun torgaran el dolo da xente. Despóis xa nun s'ouguiron as gaviotas nin animal nengún. Al cabo, calóu a multítú.

Dende a ribeira, el *Alberto Cándida* abultaba talmente nun tar fondiao nel canal; a tristura da xente mantíalo col pensamento nel mar como se así podera seguir buscando, como se asina nun fora verdá a disgracia. Saltaron os tripulantes al bote y deixaron el barco magorento, ayén, nidio de soledá y de morte. Foron achegándose por entre os botes fondeaos, xunto as lanchas de barcaxe, librando os chalanos da rampa del muelle; veron remando ou movíos por daqué, sin que naide vira el fender del remo, nin úa pinga d'espuma, nin un rumbo, y chegaron al Muelle Novo.

Os compañeiros del rapaz desapareció atangueron entoncias a terra firme que nunca, nin antias nin



Foto: DIONI

Úa caleya das Figueiras

despóis, yes abultaría tan dura y erma. Subiron a rampa ún tres outro sin fer un espavento nin dicir úa palabra, sin chamar a daquén ou perguntar por dalgo, pero solos, ayíos, cuase sin azogarse por ter que soster tantas miradas a un tempo.

A xente atarrecía de pensar que chegarían esmortanxaos y brocos, desdeixaos y míseres por demáis pr'aguantar el tirón del sou mesmo poble. Naide cuntaba con qu'aquel feixe de xente nun eran trescentas ou cuatrocenas personas, senón úa sola. Namáis úa gorxa atrapazada, úa voz afogada, úa mao que se brindaba pr'axudar nel aperto.

Jose del Habanero, Quique de Santa —el rapaz que nun cayeu al augua—, Tono, Fernando de Calores... El último en chegar al pico del Muelle Novo, Costante, y os primeiros en recibilo enriba, aqueles que ye recordaban as súas obrigaciós. Torceron a mao dereta, camín del Pósito, mentras el silencio d'esas Figueiras mestas, amigas, rebaxaba el vagar d'úas almas doliosas. El camín xa taba aberto.

Costante y os outros nunca chegaron al Pósito. Subiron a os coches y saliron pra Castropol. Había que tar antias que nada cos padres del rapaz perdío. Elos xa lo sabían todo pero había que tar alí, había que levaryes tamén a eles esa presenza da vila que s'estrumaba nos muelles.

As Figueiras vai desféndose despóis de pasao el hora. Tuvo alí y xa nun fai falta. Agora é Costante —agro privilexo d'armador—, a familia del morto, os sous amigos y compañeiros, os que chorarán por él. As Figueiras, ese personaxe de tantas maos y pes, bocas y oyo, xa lo choróu. Agora é Costante quen terá que dar explicaciós y atopar noutro lao el rixo que ye falta pra seguir adelante. Atoparálo na súa muyer, Luisa, que ta esperando un neno, terceiro da familia.

Condo us meses máis tarde ese rapacín nace, os padres nun lo pensan dúas veces. Ha chamarse Luis Vicente, en acordanza del mocín qu'el mar levóu. Y penso agora que Luis Vicente —nin aquel que se foi, nin éste que ten agora cuase vinte anos— nun é el verdadeiro protagonista d'esta hestoria.

Se os protagonistas fosen Costante Castro ou Luis Vicente Sierra, nun me pararía a escribir miga d'elos. Se os verdadeiros personaxes fosen señores ou personas notables da vila ou dalgún caporal papareyudo, ou daquén que fexo fortuna y deixou prazas y escolas y fábricas y camiós, nun m'abultaría razón pra dedicarye úas liñas.

Eu creo nos poblos, na xente en plural, por riba de protagonistas pasaxeiros, y creo qu'el protagonista verdadeiro nun é outro qu'As Figueiras, dito así, con nome y apellíos.

Costante deu el acordo de poñerye Luis Vicente al fiyo sin que naide yo pidira, sin que veña rexistrazio nayundes. Como norma nun figura escrita máis que nel libro del *Alberto Cándida*, unde el patrón deixou asentada a pérdida del mariñeiro y a solución de poñerye ese nome al fiyo, como dando a entender qu'os poblós tein un alma comunitaria y un corpo, un corpo unde nada falta, unde sempre haberá un Luis Vicente pra cubrir el furao deixao por outro Luis Vicente que se foi.

Seguro que Costante, Costante Castro, nun pensó noutra cousa máis que nun recordo, nun pequeno homenaxe. Seguro que nun sabía que, aló por 1929, louno vinte anos antias de qu'el nacera, perdéranse tamén tres mariñeiros das Figueiras. Chamábanse Francisco Alonso, Jesusín del Cabo... y un tal **CONSTANTE CASTRO**.



As Figueiras enmarcao nel paisaxe da Ría del Eo

Foto: ENTRAMBASÁGUAS

